

ADDENDA Nº 3 AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS, A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E A AUTORIDADE PORTUARIA DA CORUÑA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO E EXECUCIÓN DA OBRA «ESTRUTURA FLOTANTE NA ZONA DO PARROTE DO PORTO DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NÁUTICO DEPORTIVAS»

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

María Martínez Allegue, na súa condición de conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomea aos titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 9 dos estatutos da referida axencia, aprobados mediante Decreto 173/2011, do 4 de agosto, modificado polo Decreto 66/2021, do 15 de abril.

Martín Fernández Prado, na súa condición de presidente da Autoridade Portuaria da Coruña, actuando no seu nome e representación, en uso das facultades que ten atribuídas, en virtude da Orde da Consellería do Mar do 20 de novembro de 2020 pola que se dispón o seu nomeamento e en función das atribucións que ten conferidas no artigo 31 do Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de portos do Estado e da mariña mercante.

As partes, na competencia que teñen atribuída, recoñécense reciprocamente lexitimidade e capacidade suficiente para a formalización da presente addenda e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que con data 21 de abril de 2023 asinouse o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, representada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Axencia Galega de Infraestruturas, e a Autoridade Portuaria da Coruña para a redacción do proxecto e execución da obra «Estrutura flotante na zona do Parrote do porto da Coruña para a realización de actividades náutico-deportivas».

Segundo.- Con data 28 de novembro de 2023 asinouse a primeira addenda a este convenio na que se modifican as anualidades inicialmente previstas no convenio.

Terceiro.- Con data 2 de outubro de 2024 asinouse a segunda addenda na que se modificou o título do propio convenio e varias das súas cláusulas.



O convenio fora inicialmente asinado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda aínda que co Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia as competencias en materia urbanística asumíronse pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas de conformidade co Decreto 142/2024, de 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica. Estes cambios modificaron o título do convenio e a súa cláusula primeira.

Tamén se cambiaron as cláusulas terceira, relativa ao financiamento, cuarta, obrigas da Autoridade Portuaria, no seu punto 2, quinta, obrigas da Axencia Galega de Infraestruturas, nos puntos 2,3, e 7, sexta, obrigas da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e sétima, réxime de financiamento dos negocios xurídicos necesarios.

Cuarto.- Con data 26 de xuño de 2025 reuniuse a comisión de seguimento para informar do estado das obra e propoñer a modificación de parte do contido das cláusulas sétima e oitava do convenio.

Quinto.- A comisión propón, tendo en conta o importe da adxudicación do contrato de obras e o da asistencia técnica así como o importe máximo asumido pola Axencia Galega de Infraestruturas, a modificación do parágrafo terceiro da cláusula sétima, réxime de financiamento dos negocios xurídicos necesarios para a execución da estrutura flotante na zona do Parrote, para que o importe total das liquidacións dos gastos adicionais sexa asumido pola axencia.

A redacción actual de dito parágrafo é a seguinte:

“Os gastos adicionais que se deriven da execución dos contratos sobre o orzamento de adxudicación, derivados de modificacións contractuais, revisións de prezos ou liquidacións, serán financiados polas partes segundo a súa porcentaxe de participación no financiamento do convenio e requirirán da modificación deste convenio.

Sexto.- A comisión propón tamén a modificación do parágrafo terceiro da cláusula oitava, relativa a comisión de seguimento, para que as reunións dos seus membros estean determinadas pola necesidade e non por unha periodicidade marcada.

A redacción actual é a seguinte:

“Os membros da Comisión de seguimento, ou persoas en quen deleguen, reuniranse cunha periodicidade polo menos trimestral.”



Sétimo.- Considerando, todas as partes que as condicións que motivaron a sinatura do convenio son plenamente vixentes e os seus obxectivos invariables no tempo

ACORDAN

Subscribir esta addenda nº 3 ao convenio entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e a Axencia Galega de Infraestruturas, e a Autoridade Portuaria da Coruña para a redacción do proxecto e execución da obra «Estrutura flotante na zona do Parrote do porto da Coruña para a realización de actividades náutico-deportivas», que queda modificado como segue:

Un. Modifícase a cláusula sétima cunha nova redacción do parágrafo terceiro que queda redactado como segue:

“Os gastos adicionais que se deriven da execución dos contratos sobre o orzamento de adxudicación, derivados de modificacións contractuais ou revisións de prezos, serán financiados polas partes segundo a súa porcentaxe de participación no financiamento do convenio e requirirán da modificación deste convenio.

A liquidación dos contratos será financiada pola Axencia Galega de Infraestruturas ata o máximo do 10% do importe de adxudicación dos mesmos segundo o disposto no artigo 242.i da Lei 9/2017, de contratos do sector público.”

Dous. Modifícase o parágrafo terceiro da cláusula oitava, Comisión de Seguimento, que queda redactado como segue:

“Os membros da Comisión de Seguimento, ou persoas en quen deleguen, reuniranse cando resulte necesario para realizar as atribucións que se establecen neste convenio.”

E, para que así, conste e en proba de conformidade asinan electronicamente o presente documento.

*A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e
presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, María Martínez Allegue*

O presidente da Autoridade Portuaria da Coruña, Martín Fernández Prado

